

COBRANZA TRIBUTOS MUNICIPAIS 2026.

PADRÓNS FISCAIS DO IVTM, TAXA DE LIXO VIVENDA E VAOS

Por resolución da Alcaldía nº 700/2026, do 11 de marzo, téñense aprobado os Padróns Fiscais correspondentes aos seguintes tributos:

1. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, 27.833 recibos non exentos, por un importe total de 1.619.212,27 €.
2. Taxa pola prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento de lixo e residuos sólidos, na súa modalidade de vivenda, 18.650 recibos non exentos, por un importe total de 1.661.319,14 €.
3. Taxa pola reserva de estacionamentos en vía pública para parada de buses, carga e descarga e vados permanentes, 949 recibos non exentos, por un importe total de 112.058,75 €.

O total dos dereitos postos ao cobro ascende a 3.392.590,16 €, emitidos en 46.982 recibos, dos cales 1.605.066,06 € (o 47,31 % do importe total ao cobro) se corresponden con 21.205 recibos domiciliados polos seus titulares, e 1.787.524,10 € (o 52,69 % do importe total ao cobro) se corresponden cos 25.777 recibos non domiciliados.

Prazo de pagamento:

O período voluntario de cobranza dos ditos recibos abranguerá desde o día 23 de marzo do 2026 até o día 29 de maio do 2026, ambos os dous incluídos.

Lugar e formas de pagamento:

Durante este período, os contribuintes poderán realizar o pagamento das débedas:

- a) Nas oficinas bancarias e nos caixeiros das entidades ABANCA, CAIXABANK, BANCO SANTANDER e BBVA, utilizando o documento que consta na parte final do anverso desta carta de pagamento.
- b) A través da banca móbil/electrónica de ditas entidades, utilizando ao efecto o código de barras e a referencia que constan na parte inferior do anverso deste documento.
- c) Na pasarela de pagos da web www.carballo.gal.

Desde finais do exercicio 2023, os recibos xa non poden ser aboados na Recadación Municipal, ao se ter extendido o servizo de caixa en entidades bancarias colaboradoras a todas as entidades de maior implantación a nivel autonómico.

Os recibos domiciliados pasaranse ao cobro a partires do día 8 de abril do 2026. Os contribuíntes poderán cursar orde de domiciliación dos recibos que non teñan aínda domiciliados antes do día 6 de abril do 2026, presentado a orde correspondente na Recadación Municipal ou nos rexistros municipais.

Remisión da información e obtención de cartas de pagamento:

Os recibos non domiciliados serán remitidos aos domicilios fiscais declarados perante este Concello para o seu pagamento.

A tal efecto, o Concello remitirá por correo postal 14.353 cartas cos recibos de pago ao domicilio fiscal declarado por cada suxeito pasivo. O documento é necesario para se poder dirixir a realizar o pagamento ás Oficinas Bancarias ou a través de medios electrónicos. Os interesados que non o teñan recibido, poderán dirixirse á Recadación Municipal para obter o documento de pagamento, ou ben para solicitar a división das cartas de pagamento agrupado, no seu caso, nas oficinas sitas no Mercado Municipal, planta soto, anexas á entrada ao Mercado desde a Praza do Concello, no horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres (Tlf. 881985430, correo: recadacion@carballo.gal).

Os contribuíntes recibirán, asimismo, unha carta informativa no seu domicilio fiscal na que se lles relacionan os recibos dos que se teña emitido orde de domiciliación, a cargar nas contas correntes no seu día facilitadas a partires do día 8 de abril do 2026, para o que se remitirán 11.946 cartas por correo postal aos domicilios fiscais dos suxeitos pasivos.